

**Los alcaldes lúcenses apoyan la Reserva de la Biosfera del Eo**

**LA VOZ | RIBADEO**  
■ Los alcaldes gallegos reunidos ayer en Ribadeo se mostraron interesados en la iniciativa de la Xunta y el Principado de solicitar a la Unesco la declaración de la Reserva de la Biosfera, Oscos y Terras de Burón.

En total, son 14 los municipios afectados: Ribadeo, Trabada, A Pontenova, Fonsagrada, Ribeira de Piquín, Baralla y Negueira de Muñiz por Galicia, y Villanueva, San Martín y Santa Eulalia, Vegadeo, Castropol, San Tirso y Taramundi, por Asturias. Las líneas básicas del proyecto fueron presentadas por el director xeral de Conservación da Naturaleza, Xosé Benito Reza, a los regidores gallegos.

La declaración de la Reserva de la Biosfera no implica ninguna medida de protección adicional. Si bien los presidentes de la Xunta y del Principado expresaron en las últimas cumbres interautonómicas su propósito de otorgar el mayor nivel de protección posible al Eo, al elegir solicitar la Reserva de la Biosfera se decantan por un reconocimiento internacional de la riqueza del escenario de los Oscos, Eo y Terras de Burón, pero no van más allá. Seguirán rigiendo las actuales figuras de protección, como la Zona de Especial Interés para las Aves, la Red Natura o la ría esté declarada Lugar de Interés Comunitario.

#### En octubre, en París

Estas fueron las líneas generales que se presentaron ayer a los alcaldes. Lo que ahora se va a hacer es presentar la solicitud ante la Unesco, con la previsión de que sea resuelta en una reunión en París en el mes de octubre. Si prospera, en torno a la primavera de 2008 sería declarada la nueva Reserva de la Biosfera.

#### AS NOGAIS

**Candidato del BNG** ■ El empresario Xosé Espín será el alcalde del Bloque en As Nogais. Fue alcalde de este municipio en los mandatos de 1979 a 1983 y de 1983 a 1989.

#### MONTERROSO

**Empleo** ■ El Concello pide a Traballo la segunda fase del taller de empleo Río Ulla para rehabilitar casas de Fufín y Frameán para locales sociales y viviendas, la mejora del

A zona será incluída nunha guía de lugares adecuados para a observación das aves

## A Ribeira Sacra adquiere a categoría de área de interese ornitolóxico

*O tramo de Portomarín aos Peares e o Canón do Sil son as paraxes más destacadas*

**Francisco Albo  
MONFORTE**


■ A riqueza da avifauna non acostuma a ser un dos atractivos máis destacados da Ribeira Sacra, pero os naturalistas consideran esta zona como unha das más interesantes de Galicia pola cantidade e a diversidade das súas poboacións de aves. O tramo do Miño comprendido entre Portomarín e Os Peares, xunto co Canón do Sil, figuraron no proxecto *Onde ver aves en Galicia*, promovido pola Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO), que ten por obxectivo catalogar os espazos de maior interese ornitolóxico da comunidade. O biólogo Xavier Vázquez Pumaríño, que se encarga de estudar e describir estas zonas, considera que a importancia ornitolóxica da Ribeira Sacra é moito maior do que se supón. «Comparadas con outros lugares, teñen unha riqueza excepcional, pero case ningún visita a Ribeira Sacra para ver aves», afirma.

Os motivos desta riqueza faunística son de diversas clases, indica o biólogo. Por unha parte, a Ribeira Sacra encóntrase nunha zona de transición entre as grandes áreas climáticas eurosiberiana e mediterránea. «Neste territorio conviven especies vexetais propias de diferentes climas e coas aves sucede algo parecido», explica. Por outro lado, a existencia de numerosas zonas abruptas e de difícil acceso proporciona ás aves moitos lugares propicios para vivir e nidificar con tranquilidade. Outra circunstancia

#### Especies

Entre as numerosas especies que habitan na zona, Vázquez Pumaríño sinala por unha parte a existencia de importantes poboacións de rapaces. «Nestes tramos do Miño e do Sil xa non hai aguias reais, en contra do que se di ás veces, pero é fácil localizar especies como a aguia calzada, o falcón peregrino ou o millafre negro, entre outras». Tamén destaca pola sua abundancia e variedade as aves paseriformes, entre as que se poden encontrar especies pouco comúns como a andorriña dourada (*Hirundo daurica*), unha variedade africana e mediterránea de andorriña que busca os lugares calidos. Na avifauna da Ribeira Sacra tamén teñen unha importante presenza as aves acuáticas, con especies como o lavanco ou anáde real, a garza real e incluso o corvo mariño ou cormorán, que vén con frecuencia desde a costa para invernlar nos ríos e nos encoros do interior.

favorable é a existencia de importantes zonas arboradas. «Na Ribeira Sacra non existen grandes masas boscosas como as que hai nos Ancares, pero si hai un certo número de manchas de bosque ben conservadas que teñen moito interese para as aves», engade Vázquez Pumaríño. As zonas de cultivo tamén proporcionan importantes áreas de abrigo e alimentación para estas especies. «As perdices, por exemplo, buscan refuxio con frecuencia nos viñedos», di o biólogo.



ALBERTO LOPEZ

**DA COSTA AO INTERIOR.** O cormorán é un visitante asiduo da Ribeira Sacra. O exemplar da imaxe foi fotografado en Ribas do Sil

## Unha ducia de espazos catalogados na provincia, dun total de 61 en toda Galicia


■ O proxecto da SGO prevé catalogar 61 espazos de interese ornitolóxico en todo o territorio galego, dos que 20 se encontran en territorio lucense. Exceptuando as do sur da provincia, os naturalistas teñen pensado incluir neste repertorio outras zonas de montaña, como son a Serra dos Ancares, a Serra do Xistral e a zona de Baleira e Fonsagrada. Por outro lado, a guía incluirá dúas áreas da Terra Chá, a de Cospeito e Castro de Rei e o chamado complexo Parga-Larga. Outro espazo de interese comprenderá os arredores da capital da provincia.

As demais zonas lúcenses encóntranse na Mariña: as

rías de Foz, Ribadeo e Viveiro —incluíndo esta última o porto de Celeiro—, o Cabo Burela, San Cibrao e a costa de Xove.

#### En Ourense

A futura guía da Sociedade Galega de Ornitoloxía tamén comprenderá a serra ourensá da Encina da Lastra, próxima á Serra do Courel e protexida recentemente coa categoría legal denominada zepa (zona de especial protección de aves) polo seu especial interese ornitolóxico. Outras áreas da provincia veciña que se verán incluidas neste proxecto son as de Pena Trevinca, Manzaneda, Trives e Rozavales.



MONTERRO

**Grupo de ánades e unha garza fotografados no río Cabe**

rá a nova guía ornitolóxica que prepara esta sociedade. «É un traballo feito por voluntarios no que participa moita xente e cada un vai acriegando o

estar terminado o traballo. Talvez dentro dun ano ou así, pero non é seguro», di o biólogo. «Ademais, pretendemos que este proxecto sexa algo moi

## Un proxecto que pretende seguir o exemplo dos manuais naturalistas realizados no Reino Unido

■ A Serra do Courel tamén está incluída no proxecto da Sociedade Galega de Ornitoloxía como unha das zonas más interesantes de Galicia para a observación das aves. Neste aspecto, porén, é máis coñecida que a Ribeira Sacra, polo menos desde hai uns anos. No 2004 apareceu unha guía especializada, coordinada polos biólogos José Gutiérn e Ignacio Munilla, na que se catalogaron máis de cen especies de aves propias da serra e se describieron diversos itinerarios

a súa edición contou co apoio da asociación Río Lor.

As guías ornitológicas deste tipo, non obstante, son aínda moi raras en Galicia e por ese motivo foi posto en marcha o proxecto da SGO. «O que pretendemos é seguir o exemplo do Reino Unido e doutros países europeos nos que xa hai moitos anos que se publican guías moi detalladas que permiten saber con moita precisión as aves que pueden verse en cada rexión ou comarca», explica Xavier Vázquez.